

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de xuño de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as once horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de xuño de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

1)

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade,

presentada con data 29 de abril de 2026 (RE-E núm. 285), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	ELENA NAVARRO CUELLAS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBJECTO	REDE DE BAIXA TENSIÓN SUBTERRÁNEA
LUGAR	CARBOENTES
PARROQUIA	CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A113090090000LM
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Susana Casais Pérez, asinado en data 01/10/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	2.991,91 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) DÍA
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/06/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	EXENTO (potencia inferior a 1 kV – artigo 111.6 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 05/06/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no

Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCUENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (59,83 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

2)

— Os Ferreiros S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 10 de xaneiro de 2025 (RE-E núm. 14), coas seguintes

características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	OS FERREIROS S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	MANUEL MEIJIDE OTERO S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DUNHA REDE ELÉCTRICA DE MEDIA TENSIÓN AÉREA E TRANSFORMADOR INTEMPERIE
LUGAR	COREIXAS
PARROQUIA	A PORTELA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL DA PARCELA DE SUBMINISTRO	36047A044002160000PU
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal Don Jorge Signo Villaverde, asinado en data 08/01/25 – visado colexial ██████████)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	9.479,48 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 10/06/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	EXENTA (instalación de abonado)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 25/05/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no

Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (189,58 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3)

— José Jorge Diéguez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 19 de xaneiro de 2026 (RE-E núm. 29), coas seguintes

características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ JORGE DIÉGUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	GONZALO NAVAZA MOSTEIRO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBJECTO	ACONDICIONAMENTO DE LOCAL
SITUACIÓN	AVDA. LALÍN-MONFORTE NÚM. 24 – BAIXO
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 (EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO)
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	6225503NH8262N0001ZK
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico básico e anexo; e proxecto de execución redactados polo arquitecto Don José Antonio Hernando Ezquerra, en datas 14/01/26 e 07/05/26 – visados colexiais XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	41.535,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 29/05/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	PENSIÓN DUNHA ESTRELA
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 08/06/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no

Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de OITOCENTOS TRINTA EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (830,70 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Sexto.- En aplicación do artigo do artigo 24.2 da LECG, do artigo 11.2 do RIAE e do artigo 364.2 do RLSG, logo de rematar a obra e con carácter previo ao inicio da actividade ou a apertura do establecemento, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento.
- ✓ Certificado final de obra asinado por técnico competente.

- ✓ Declaración da persoa titular na que se faga constar expresamente que a actividade producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB; en caso contrario, deberá achegarse o informe acústico esixido polo artigo 11.1 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- ✓ Acreditar a inscrición no Rexistro de empresas e actividades turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- AUTORIZACIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO POSTO DE TRABALLO DE DIRECTORA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA II”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de maio do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación laboral temporal do posto de traballo de director/a do obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”.

De conformidade coas bases aprobadas na dita sesión, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 162, do 11/05/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Director/a (oferta núm. XXXXXXXXXX)

- Bouzas Collazo, Eliana
- Cifuentes Díaz, María Mercedes
- Fernández Rodríguez, Raquel
- Ferreiro Gómez, Enrique
- García Navarro, Chele

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de tres días hábiles para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Ferreiro Gómez, Enrique (RE-E núm. 347, do 19/05/26)
- Fernández Rodríguez Raquel (RE-E núm. 348, do 19/05/26)
- Cifuentes Díaz, María Mercedes (RE-E núm. 367, do 22/05/26)

A Comisión de selección dispuxo que todos/as os/as candidatos/as presentados/as foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 8 de maio e 12 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	ENTREVISTA	MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
ENRIQUE FERREIRO GÓMEZ	5,00	9,85	14,85
RAQUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	Non presentada	-----	-----
MARÍA MERCEDES CIFUENTES DÍAZ	4,00	1,50	5,50

A Comisión de selección efectúa proposta de contratación a favor de Enrique Ferreiro Gómez, candidato que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo. Porén, dito candidato renuncia expresamente á praza por escrito de data 11/06/26 (RE-E núm. 422).

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (40 horas/semana), por un período de nove meses, da traballadora que deseguido se sinala:

Directora

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA MERCEDES CIFUENTES DÍAZ	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- AUTORIZACIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO POSTO DE TRABALLO DE TITORA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA II”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de maio do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación laboral temporal do posto de traballo de titor/a do obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”.

De conformidade coas bases aprobadas na dita sesión, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 162, do 11/05/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Titor/a (oferta núm. [REDACTED])

- Antelo Amigo, Agustín Manuel
- Covelo Álvarez, Tamara María
- Lois Vázquez, Montserrat

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de tres días hábiles para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Antelo Amigo, Agustín Manuel (RE-E núm. 359, do 21/05/26)
- Lois Vázquez, Montserrat (RE-E núm. 366, do 22/05/26)

A Comisión de selección dispuxo que todos/as os/as candidatos/as presentados/as foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 8 de maio e 12 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	ENTREVISTA	MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
AGUSTÍN MANUEL ANTELO AMIGO	4,00	5,20	9,20
MONTSERRAT LOIS VÁZQUEZ	5,00	9,60	14,60

A Comisión de selección efectúa proposta de contratación a favor de Montserrat Lois Vázquez, candidata que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (40 horas/semana), por un período de nove meses, da traballadora que deseguido se sinala:

Titora

NOME E APELIDOS	DNI
MONTSERRAT LOIS VÁZQUEZ	██████████

RESERVA:

AGUSTÍN MANUEL ANTELO AMIGO

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- AUTORIZACIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS POSTOS DE TRABALLO DE DOCENTES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA II”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de maio do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dos postos de traballo de docentes das

especialidades de forestal e albanelería do obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”.

De conformidade coas bases aprobadas na dita sesión, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados (RS núm. 162, do 11/05/26). En resposta ás ofertas presentadas, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Docente da especialidade forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Fernández Barge, David
- Gende Seco, Cristina
- Liñeira Casal, Santiago
- Pías Salgado, María Irene
- Varela Suárez, María Teresa

Docente da especialidade albanelería (oferta núm. [REDACTED])

- Carril Romar, José Manuel
- Nantes González, Fernando
- Paz Rubí, Luis Miguel
- Pérez Pérez, José

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/as candidatos/as preseleccionados/as un prazo de tres días hábiles para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

Docente da especialidade forestal

- Liñeira Casal, Santiago (RE-E núm. 345, do 19/05/26)
- Gende Seco, Cristina (RE-E núm. 360, do 22/05/26)

Docente da especialidade albanelería

- Pérez Pérez, José (RE-E núm. 333, do 14/05/26)
- Nantes González, Fernando (RE-E núm. 339, do 18/05/26)
- Carril Romar, José Manuel (RE-E núm. 365, do 22/05/26)

A Comisión de selección dispuxo que todos/as os/as candidatos/as presentados/as foron admitidos/as ao proceso selectivo, agás os candidatos a posto de traballo de docente en albanelería José Pérez Pérez e Fernando Nantes González.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 8 de maio e 12 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

Docente da especialidade forestal

CANDIDATO/A	ENTREVISTA	MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
SANTIAGO LIÑEIRA CASAL	5,00	7,93	12,93
CRISTINA GENDE SECO	Non presentada	-----	-----

Docente da especialidade albanelería

CANDIDATO	ENTREVISTA	MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
JOSÉ MANUEL CARRIL ROMAR	5,00	5,19	10,19

A Comisión de selección efectúa proposta de contratación a favor de José Manuel Carril Romar (docente albanelería). O candidato a docente de forestal Santiago Liñeira Casal renuncia expresamente á praza por escrito de data 11/06/26 (RE-E núm. 418).

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar, previa validación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (40 horas/semana), por un período de nove meses, do traballador que deseguido se sinala:

Docente da especialidade albanelería

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ MANUEL CARRIL ROMAR	██████████

Segundo.- Ante a ausencia de máis candidatos ao posto de traballo de docente de forestal, por mor da renuncia expresa do único candidato que superou o proceso selectivo, acordan solicitar da Oficina do SPEG de Lalín unha ampliación de oferta ao obxecto de acadar novos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado.

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- AUTORIZACIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS POSTOS DE TRABALLO DE ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA II”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de maio do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dos postos de traballo de alumnos/as traballadores/as das especialidades de forestal e albanelería do obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba II*”.

De conformidade coas bases aprobadas na dita sesión, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados (RS núm. 344, do 14/05/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Especialidade forestal (oferta núm. ██████████)

- Arias Fernández, Daniel
- Ayude Miguélez, Adrián
- Calviño Rodríguez, Antía
- Castiñeiras Vila, José Antonio

- Da Silva Estevinho, Daniel
- Daparte Lemos, Daniel
- Echevarría Moreno, Máximo
- Falco Garzón, Israel José
- Fernández Pereira, Martín
- Fernández Meijomil, Rocío
- García Doporto, Raúl
- González Taboada, Isidro
- Gutiérrez Parga, José Antonio
- Hidalgo Cruchez, Telly Jesús
- Lameiro Méndez, Manuel
- López García, Rubén
- Mas Lois, Joan
- Miguélez Miguélez, Carlos
- Mouriño Beis, Santiago
- Otero Ríos, Fernando
- Pascaru, Marcel
- Pazos Sobrado, Juan Carlos
- Rey Fernández, Marina
- Sobrado García, Daniel
- Sobrado Sánchez, M^a Jesús
- Vázquez Vázquez, Alberto
- Villareal Briceño, Yesenia Lisneiv

Especialidade albanelería (oferta núm. [REDACTED])

- Abello Hernández, Sergio Augusto
- Akdoumi, Rachid
- Areán Liñares, Iván
- Barrio Vidal, Graciela
- Cojoc, Luminita
- Cortés Fernández, Mercedes
- Daparte Bernárdez, Ángel
- De la Vega Sanz, Christian
- Falcó García, Marc

- Fernández Lalín, Gabriel
- Hermida Vence, Esther Emilia
- Jorge Pérez, Marta
- Lefghir, Mohamed
- Limam Bechri, Mohamed
- Lois Rodríguez, Manuel
- López Janeiro, Carlos
- Medina González, Ana
- Morillo Queva, Rosmaira Andrei
- Morillo Queva, Josmaira Andrei
- Otero García, Susana
- Pérez Carrasquilla, César
- Pousa Capinel, Rodrigo
- Pérez Hernández, Olaf
- Voicu, Nicolae

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de dous días hábiles para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

Especialidade forestal

APELIDOS E NOME
HIDALGO CRUECHEZ, TELLY JESÚS
MOURIÑO BEIS, SANTIAGO
GUTIÉRREZ PARGA JOSE ANTONIO
ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL
PAZOS SOBRADO, JUAN CARLOS
FERNÁNDEZ PEREIRA, MARTÍN
SOBRADO GARCÍA, DANIEL
DA SILVA ESTEVINHO, DANIEL
CASTINEIRAS VILA, JOSE ANTONIO
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, ALBERTO

APELIDOS E NOME
MIGUÉLEZ MIGUÉLEZ, CARLOS
VILLARREAL BRICEÑO, YESENIA LISNEIV
PASCARU, MARCEL
OTERO RIOS, FERNANDO
REY FERNÁNDEZ, MARINA
SOBRADO SÁNCHEZ, MARÍA JESÚS
GONZÁLEZ TABOADA, ISIDRO
ECHEVARRÍA MORENO, MÁXIMO
AYUDE MIGUÉLEZ, ADRIÁN
LAMEIRO MÉNDEZ, MANUEL
FALCO GARZÓN, ISRAEL JOSÉ

Especialidade albanelería

APELIDOS E NOME
POUSA CAPINEL, RODRIGO
AREÁN LIÑARES, IVÁN
LÓPEZ JANEIRO, CARLOS
MORILLO QUEVA, JOSMAIRA ANDREI
MORILLO QUEVA, ROSMAIRA ANDREI
HERMIDA VENCE, ESTHER EMILIA
LOIS RODRÍGUEZ, MANUEL
PÉREZ HERNÁNDEZ, OLAF
BARRIO VIDAL, GRACIELA
ABELLO HERNÁNDEZ, SERGIO AUGUSTO
LEFGHIR, MOHAMED
PÉREZ CARRASQUILLA, CÉSAR
DE LA VEGA SANZ, CHRISTIAN
CORTÉS FERNÁNDEZ, MERCEDES
FALCÓ GARCÍA, MARC

A Comisión de selección dispuxo que todos/as os/as candidatos/as presentados/as foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 2 e 12 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguintes resultados finais:

Especialidade forestal

APELIDOS E NOME	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
HIDALGO CRUECHEZ, TELLY JESÚS	8,00	5,65	13,65
MOURIÑO BEIS, SANTIAGO	Non presentado	-----	-----
GUTIÉRREZ PARGA JOSE ANTONIO	9,00	6,25	15,25
ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL	9,00	4,15	13,15
PAZOS SOBRADO, JUAN CARLOS	6,00	6,90	12,90
FERNÁNDEZ PEREIRA, MARTÍN	9,00	5,15	14,15
SOBRADO GARCÍA, DANIEL	7,00	5,40	12,40
DA SILVA ESTEVINHO, DANIEL	9,00	5,15	14,15
CASTINEIRAS VILA, JOSE ANTONIO	6,00	6,90	12,90
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, ALBERTO	7,50	4,90	12,40
MIGUÉLEZ MIGUÉLEZ, CARLOS	8,00	6,00	14,00
VILLARREAL BRICEÑO, YESENIA LISNEIV	8,50	5,65	14,15
PASCARU, MARCEL	6,00	7,00	13,00
OTERO RIOS, FERNANDO	8,00	5,40	13,40
REY FERNÁNDEZ, MARINA	9,00	5,90	14,90
SOBRADO SÁNCHEZ, MARÍA JESÚS	6,00	4,90	10,90
GONZÁLEZ TABOADA, ISIDRO	7,00	4,50	11,50
ECHEVARRÍA MORENO, MÁXIMO	8,50	5,00	13,50
AYUDE MIGUÉLEZ, ADRIÁN	7,00	3,00	10,00
LAMEIRO MÉNDEZ, MANUEL	7,00	7,00	14,00
FALCO GARZÓN, ISRAEL JOSÉ	6,00	4,00	10,00

Especialidade albanelería

APELIDOS E NOME	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
POUSA CAPINEL, RODRIGO	7,00	5,25	12,25
AREÁN LIÑARES, IVÁN	8,50	6,25	14,75
LÓPEZ JANEIRO, CARLOS	7,00	6,40	13,40
MORILLO QUEVA, JOSMAIRA ANDREI	9,00	5,65	14,65

APELIDOS E NOME	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
MORILLO QUEVA, ROSMAIRA ANDREI	9,00	5,65	14,65
HERMIDA VENCE, ESTHER EMILIA	9,00	5,40	14,40
LOIS RODRÍGUEZ, MANUEL	Non presentado	-----	-----
PÉREZ HERNÁNDEZ, OLAF	6,00	6,50	12,50
BARRIO VIDAL, GRACIELA	9,00	5,65	14,65
ABELLO HERNÁNDEZ, SERGIO AUGUSTO	8,50	5,15	13,65
LEFGHIR, MOHAMED	8,50	7,90	16,40
PÉREZ CARRASQUILLA, CÉSAR	9,00	5,25	14,25
DE LA VEGA SANZ, CHRISTIAN	8,00	5,00	13,00
CORTÉS FERNÁNDEZ, MERCEDES	8,50	6,50	15,00
FALCÓ GARCÍA, MARC	9,00	5,65	14,65

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar, a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de formación en alternancia a tempo completo (40 horas/semana), por un período de nove meses, dos/as alumnos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Alumno/a traballador/a especialidade forestal

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
JOSÉ ANTONIO GUTIÉRREZ PARGA	████████
MARIA REY FERNÁNDEZ	████████
YESENIA LISNEIV VILLARREAL BRICEÑO	████████
DANIEL DA SILVA ESTEVINHO	████████
MARTÍN FERNÁNDEZ PEREIRA	████████
MANUEL LAMEIRO MÉNDEZ	████████
CARLOS MIGUÉLEZ MIGUÉLEZ	████████
TELLY JESÚS HIDALGO CRUECHEZ	████████

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
MÁXIMO ECHEVARRÍA MORENO	████████
FERNANDO OTERO RÍOS	████████

RESERVAS:

DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ
MARCEL PASCARU
JUAN CARLOS PAZOS SOBRADO
JOSÉ ANTONIO CASTIÑEIRAS VILA
DANIEL SOBRADO GARCÍA
ALBERTO VÁZQUEZ VÁZQUEZ
ISIDRO GONZÁLEZ TABOADA
MARÍA JESÚS SOBRADO SÁNCHEZ
ADRIÁN AYUDE MIGUÉLEZ

Alumno/a traballador/a especialidade albanelería

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
MOHAMED LEFGHIR	████████
MERCEDES CORTÉS FERNÁNDEZ	████████
IVÁN AREÁN LIÑARES	████████
ROSMAIRA ANDREÍNA MORILLO QUEVA	████████
MARC FALCÓ GARCÍA	████████
JOSMAIRA ANDREÍNA MORILLO QUEVA	████████
GRACIELA BARRIO VIDAL	████████
ESTHER EMILIA HERMIDA VENCE	████████
CÉSAR PÉREZ CARRASQUILLA	████████
SERGIO AUGUSTO ABELLO HERNÁNDEZ	████████

RESERVAS:

CARLOS LÓPEZ JANEIRO
CHRISTIAN DE LA VEGA SANZ
OLAF PÉREZ HERNÁNDEZ
RODRIGO POUSA CAPINEL

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- BAIXA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DE DEPENDENCIA

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 4 de abril de 2025, procedeuse a autorizar a alta de Dona Julia González Vázquez no Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF) como beneficiaria da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

2º.- Por informe de data 10/06/26, emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, comunícase a baixa no SAF por mor do ingreso da usuaria en praza residencial.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 8.1 b) da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG núm. 22, do 02/02/09) establece como causa de extinción do servizo *“o cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar”*. Asemade, o artigo 24.1 do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Rodeiro (BOP núm. 36, do 23/02/10) establece, entre outras, como causa de extinción e finalización do SAF o *“ingreso con carácter definitivo en centro residencial”*.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Declarar extinguido o servizo municipal de axuda no fogar (SAF), como beneficiaria da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que se lle está a prestar a Dona Julia González Vázquez, con DNI núm.

██████████, veciña do lugar de Lamas, parroquia de Camba, procedendo á baixa como usuaria do mesmo con data de efectos do día 1 de xuño de 2026.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

Terceiro.- Comunicar a renuncia á Consellería de Política Social e Igualdade para a súa constancia e aos efectos oportunos.

8.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

A existencia de horas dispoñibles no SAF, modalidade de libre concorrência, permite acordar unha nova alta. Segundo a Ordenanza en vigor correspóndelle acceder ao servizo a Dona Josefa Vence Negro, dado que se atopa incluída asemade na lista de agarda do Programa de Asignación de Recursos (PAR) da Lei de Dependencia.

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández en data 11/06/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrência, da usuaria que deseguido se relaciona:

NOME E APELIDOS: Josefa Vence Negro

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar da Torre, parroquia de Guillar

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 1,44 €/hora

9.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don Manuel Faílde Iglesias (RE núm. 807, do 04/06/26), e a proposta de resolución emitida con data 04/26/26 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal

para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don MANUEL FAÍLDE IGLESIAS, con DNI núm. [REDACTED] veciño do lugar da Portela, parroquia da Portela.

10.- ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN “RODEIRO DE AVENTURA”

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade consistente nun campamento de verán coa denominación “*Rodeiro de Aventura*”, que se desenvolverá nos meses de xullo e agosto en horario vespertino. Esta actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos durante o período non lectivo de verán, como complemento ao programa Concilia que se desenvolve polas mañás. Establécese coma unha actividade de ocio saudable e de formación en igualdade para as crianzas. Está iniciativa está subvencionada parcialmente pola Deputación Provincial, ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2026.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexerase polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o 1 de xullo ao 28 de agosto de 2026, ambos inclusive.
- ✓ O campamento dirxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 16:00 h. a 20:00h. na primeira planta do antigo edificio da Sindical.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello. Realizarase unha

solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que desexa acudir. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente nos programas Concilia ou Rodeiro de Aventura só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.

- ✓ O prazo de solicitude de inscrición no campamento de verán “Rodeiro de Aventura” establécese entre os días 16 e 26 de xuño.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por día.
- ✓ O criterio de selección de menores participantes será por orde de rexistro de entrada da solicitude de inscrición ata completar as prazas.
- ✓ De quedar prazas libres unha vez rematado o período ordinario de inscrición poderán solicitar prazas menores non empadroados/as.
- ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos/as.

11.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 25/05/26, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital, con data 11/06/26, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2026*”, entre os días 22 de xuño e 4 de setembro do corrente, ambos inclusive, á sociedade ARCA DE NOÉ 1923 S.R.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lugo, ao prezo de CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS (14.999,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARCAXE DEZA S.L. 40,54 €
Por subministro de material de oficina, s/factura núm. 260312 (FACe).
- FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE 16,94 €
Por certificado de representante de persoa xurídica, s/factura núm. 8260797909.
- NATURGY CLIENTES S.A.U. 2.705,45 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de maio de 2026, s/recibos.
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 56,09 €
Por subministro de diverso material de limpeza para dependencias municipais, s/factura núm. FC9725/3.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 144,96 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de maio de 2026, s/facturas núm. 4004685939 e 4004706998 (FACe).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 15.856,40 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Máis Provincia 2026, s/factura núm. 2 000011.
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 392,04 €
Por traballos de limpeza de edificios e instalacións municipais durante permisos laborais do persoal municipal, s/factura núm. 26/653 (FACe).
- MAPFRE VIDA S.A. 782,32 €
Por seguro anual dos/as usuarios/as do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 7520261FV/396.
- PABLO GARCÍA PAIS 607,26 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. S-202500119.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 902,38 €
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/facturas núm. T1.091, T1.092, T1.093 e T1.126.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 172,34 €
Por subministro de combustible a vehículos municipais, s/facturas núm. FA-892 e FA-893.
- FERRODEIRO S.L. 588,13 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/facturas núm. VG/26-001025 e VG/26-001026.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.299,33 €
Por traballos de reparación e mantemento do camión de recollida do lixo, s/factura núm. T1.094.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.174,85 €
Por subministro de combustible ao camión de recollida do lixo, s/factura núm. FA-891.
- ASCÁN SERVICIOS URBANOS S.L.U. 165,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 81/MAY/26005158 (FACe).
- MAIRA RATÓN FERNÁNDEZ 266,20 €
Por desenvolvemento de taller sensorial de cata de viños dentro da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 2026/178.
- AMEDO S.L. 50,00 €
Por subministro de viño mención para o obradoiro sensorial e cata de viños da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. F26/0000025.
- MARCAXE DEZA S.L. 199,65 €
Por traballos de imprenta para a iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 260313 (FACe).

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 635,25 €
Por publicidade no diario da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/facturas núm. P26/003561 e I26/000547 (FACe).
- EL PROGRESO DE LUGO S.L. 629,20 €
Por publicidade no diario da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 12605/564 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 117,75 €
Por subministro de paca de palla para a iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. M1.076.
- ANDRÉS MONTES POMBO 2.299,00 €
Por adquisición de instrumentos musicais para a posta en marcha de cursos municipais de música tradicional e moderna, s/factura núm. F-970.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 544,50 €
Por transporte de materias de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 16/2026.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)